



C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Segunda reunión do PEIA 2017:máis do mesmo

Fomos convocados á segunda reunión para tratar o PEIA 2017. Se xa nos parece insultante que a Administración espere ao mesmo comezo da reunión para entregar unha nova proposta, aínda é peor cando esta non mellora en case nada á que nos entregou o primeiro día.

Esta proposta é inaceptable para nós e pensamos tamén que debería ser para os que asinaron o PEIA en anos anteriores:

- O número de horas a realizar é de 28 (lembrade que o ano pasado foron 12,¡ estamos a falar de máis do dobre!)

- Os pagos a conta seguen inalterables, igual que hai tres anos

- Introdúcese un novo tramo de obxetivos pero as garantías retributivas pasarían a ser as mesmas que as do ano pasado en caso de cumprimento máximo.

- Non se introduce ningún criterio de proporcionalidade entre grupos (será que non interesa) nin sabemos se as áreas participan todas do mesmo xeito.

- Intródúcese un parágrafo para referirse ao persoal laboral pero sen garantías de nada (lembrade que o ano pasado estes compañeiros quedaron sen cobrar unha parte do PEIA)

- Nin sabemos, coma sempre, nin as cantidades que se van repartir nin o criterio.

- E, sobre o que mais nos interesaba, a Carreira Administrativa, a AEAT nin se pronuncia, iso sí, no caso hipotético/posible/improbable que houbera reclasificación os participantes no PEIA se lles descontaría o importe dela da parte variable que lles correspondería, retorcido, ¿non?

Isto non é unha negociación, cando unha das partes non está disposta a ceder en nada, cando non vemos nin un mínimo xesto cara o persoal non se pode falar de negociación, senón de chantaxe. Non se pode consentir isto, a reclasificación é nosa, a AEAT comprometeuse no 2007 cun acordo. Levamos anos durísimos: recortes de todo tipo, primeiro o 5%, logo a paga extra, logo conxelación, cando estamos de baixa nos descontan...¿non será hora dun mínimo xesto?, ¿non se dan conta que o persoal fai o PEIA porque agora mesmo é o único xeito de cobrar un pouquiño máis?.

Xa se da o PEIA por consolidado e cada ano intentarán que o persoal faga máis horas mentres os pata negra da casa levan os petos cheos, fagan o que fagan, traballen ou non. Os interlocutores por parte da AEAT están deslitiximados para tratar coa parte social, mentres fan a posta en escena amagando que queren chegar a un acordo, os xefes xa andan preocupados mandando correíños para que o persoal faga o PEIA, non vaia ser que queden sen cobrar a súa parte. E mentres se fala de racionalizar os horarios, da conciliación familiar, unha Administración Pública, a Axencia Tributaria, quere que fagamos máis horario, e aínda por riba co aval da parte social...increíble.

En fin, triste e decepcionante, nós xa o dixemos mil veces: non queremos traballar sen saber o que imos cobrar, os obxetivos cúmprense co traballo ordinario, que non o disfracen. Queremos a reactivación, sen condicións nin chantaxes, do Acordo de Carreira Administrativa. E se queren repartir miles de euros aos Inspectores, que o fagan, pero que non conten coa CIG.